

EDUCACIÓN MUSICAL

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA ABRIL

Boas de novo!!

Comezamos un novo trimestre!!



O primeiro de todo é enviarvos un enorme desexo de que todas e todos gocedes de boa saúde.

Coa axuda das nosas actividades musicais queremos transmitirvos moita enerxía e compartir con vós un momento de felicidade.

Nas vosas casas non é posible realizar as actividades musicais como as que realizamos no colexio, sobre todo porque non contades co elemento principal, **OS VOSOS COMPAÑEIROS/AS**.

Pero xa sabedes que a música ten o poder de levantar o estado de ánimo, así que para estes días propoñemos as seguintes actividades cheas de enerxía!!!

EDUCACIÓN INFANTIL

Podedes aproveitar para cantar e bailar as cancións de Lydia Botana.

Aquí vos deixamos os enlaces dalgunhas delas.

<https://www.youtube.com/watch?v=FQnmv6jmYqs>

<https://www.youtube.com/watch?v=j4OMKyqo5SI>

<https://www.youtube.com/watch?v=ayKgsZsEFK8>



Tamén podedes gozar co seguinte capítulo de Peppa Pig, pois nel aparecen moitos dos instrumentos de percusión que tocamos na clase xuntos.

<https://www.youtube.com/watch?v=hei141Q61z8>

Por último, podedes cantar a canción das notas musicais e acompañala con palmadas e xestos!

<https://www.youtube.com/watch?v=K7WloQpRCXM>

EDUCACIÓN PRIMARIA




Como tratamos de mandarvos moita enerxía podedes empezar movendo o corpo ao ritmo da canción que máis está a sonar estes días...

RESISTIRÉ!

<https://www.youtube.com/watch?v=-NcfjiCzIM8>

Podedes tamén recordar cancións que xa traballamos no colexio e que nos transmiten alegría e optimismo! Como a seguinte de Paco Nogueiras.

<https://www.youtube.com/watch?v=F1e0wAcXcgw>



Para os maiores tedes a versión karaoke no seguinte enlace.

<https://www.youtube.com/watch?v=O002YU-kZkY>

Podedes tamén recordar algúns dos instrumentos musicais dos que falabamos nas clases de música co seguinte xogo de identificar os seus timbres. Non importa a idade que teñas, pode resultar divertido!

Se queres complicalos podedes clasificalos por familias, a ver quen acerta máis...

<https://www.youtube.com/watch?v=0Ljm6xz2cHM>

Para os maiores tedes o seguinte enlace no que veredes onde se sitúan os instrumentos nunha orquestra sinfónica.

https://www.youtube.com/watch?v=_DzYNdlb4pw

Se queredes relaxarvos podedes facer uso da música clásica.

Deixamos os enlaces de dúas obras.

<https://www.youtube.com/watch?v=qJT6kPp-c3o>

<https://www.youtube.com/watch?v=IyFpZ5MZ7kk>



Os maiores tedes a sorte de poder facer música tamén coa frauta !

Podedes recordar as cancións que xa sabedes para non esquecerlas!

Proximamente enviaremos algunha máis para que vaiades practicando.

SAUDIÑOS E MOITO ÁNIMO!

GONZALO E MABEL